



BOP

LUNS, 7 DE MAIO DE 2018

N.º 103

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 4 de marzo de 2013 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle a Corporación Acciona Eólica, S.L.U. unha concesión de 274,36 m³ anuais de auga procedente dun pozo situado no parque eólico Pena Luísa, no concello de Ourol (Lugo), con destino a uso sanitario.

Número Expte.: DH.A27.05859

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, José Ángel Someso Anguita.

R. 1129

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

José Luís Expósito Mariño solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.59892.

As obras solicitadas consisten na construción dunha rampla de acceso ós predios con referencias catastrais 27067A061006210000XX e 27067A061006220000XI, lixeiro achaiamento do terreo para o seu cultivo e peche perimetral con estacas de madeira e malla metálica; na zona de policía do río Landro, a uns 46 m da súa canle, no lugar de Portochoa, na parroquia de Galdo, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 24 de abril de 2018.- A xefa do servizo territorial, M^a Carmen Quintero Serrano.

R. 1130

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira 24/04/2018 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 2º bimestre do 2018**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

- De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/05/2018 e 30/06/2018 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/05/2018. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

- Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 24 de abril de 2018.- O Alcalde. Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1132

BEGONTE

Anuncio

Información pública

Habéndose aprobado por resolución da alcaldía de data vinte e cinco de abril de dous mil dezaoto os padrós que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezaoto.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezaoto.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezaoto.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezaoto.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil dezaoto

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padrós e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 25 de abril de 2018.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 1133

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 25 de abril de 2018, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 2/2018, de suplementos de crédito e créditos extraordinarios, por un importe total de cincuenta e catro mil catrocentos cincuenta e cinco euros con corenta céntimos (54.455,40 €.-), primeiro de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 25 de abril de 2018.- O alcalde-presidente, José Antonio Ferreiro González.

R. 1134

A FONSAGRADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 18.04.2018, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de marzo de 2018 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 9010,57 € e Programa Básico de Axuda no Fogar por un importe de 856,80 € .

Exposición: O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Recursos: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra o acto que se notifique perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no PRAZO DUN MES contado dende o día seguinte ao de finalización do devandito período de exposición pública do Padrón Fiscal. Contra a resolución recaída no recurso administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do desestimado, con efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Nembargantes, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan endebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 18 de abril de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 1135

O INCIO

Anuncio

O orzamento xeral do Concello do Incio para o exercicio 2018 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 2 de febreiro de 2018, e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 67, do día 22 de marzo. Exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, non se presentaron

reclamacións contra o mesmo, polo que de conformidade co artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, considérase definitivamente aprobado o orzamento xeral desta entidade para o ano 2018, as bases para a súa execución e o cadro de persoal. Segundo o disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, procédese á publicación do resume por capítulos do mencionado orzamento.

ESTADO DE GASTOS		
A.- OPERACIÓNS CORRENTES		
I	Gastos de persoal	582.650,00 €
II	Gastos correntes en bens e servizos	552,160,00 €
III	Gastos financeiros	14.500,00 €
IV	Trasferencias correntes	3.800,00 €
B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL		
VI	Investimentos reais	55.390,00 €
VII	Transferencias de capital	0,00 €
VIII	Activos financeiros	0,00 €
IX	Pasivos financeiros	16.500,00 €
TOTAL PRESUPOSTO DE GASTOS:		1.225.000,00 €

ESTADO DE INGRESOS		
A.- OPERACIÓNS CORRENTES		
I	Impostos directos	406.500,00 €
II	Impostos indirectos	9.000,00 €
III	Taxas precios públicos e outros ingresos	178.400,00 €
IV	Trasferencias correntes	620.000,00 €
V	Ingresos patrimoniais	11.100,00 €
B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL		
VI	Alleamento de inversións reais	0,00 €
VII	Transferencias de capital	0,00 €
VIII	Activos financeiros	0,00 €
IX	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS:		1.225.000,00 €

O Incio, 19 de abril de 2018.-A ALCALDESA, Laura Celeiro García.

R. 1136

MEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira na súa sesión ordinaria do día 30 de abril do 2018 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación de tres (3) condutores do vehículo motobomba da brigada de prevención e defensa dos incendios forestais do concello de Meira.

De acordo coa Base 6ª faise público dito proceso selectivo mediante anuncio no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipais.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de dez (10) días naturais para a presentación das instancias.

Meira, 30 de abril do 2018.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1158

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada o día 23 de abril de 2018 o Padrón de Vados e entrada por beirarrúas correspondente ao ano 2018.

Por medio do presente faise público que durante o prazo de un mes contado a partir do día da inserción do presente edicto no B.O. da Provincia de Lugo, queda de manifesto na Secretaría deste Concello ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 1 de xuño de 2018 ata o 31 de xullo de 2018.

A presente publicación, nos dous supostos (edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, en fase voluntaria) surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ó amparo do establecido no citado artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorridos os prazos anteriores, as cotas non pagadas, esixíranse pola vía de constrinximento, cos correspondentes recargos que fixa o regulamento de recadación sendo remitidas á Excma. Deputación Provincial de Lugo para o seu cobro por vía de constrinximento, de conformidade co convenio suscrito para tal efecto con este Concello.

Meira, 30 de abril de 2018.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1159

MONDOÑEDO

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 23 de febreiro de 2018, de aprobación provisional da ordenanza reguladora da creación do rexistro de solares e edificacións ruinosas, non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público, dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES E EDIFICACIÓNS RUINOSAS NO CONCELLO DE MONDOÑEDO

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º

A presente ordenanza ten por obxecto a creación do Rexistro Municipal de Solares do Concello de Mondoñedo como instrumento orientado á rehabilitación e rexeneración urbana, así como regular a súa organización e funcionamento, a fin de incluír no mesmo os solares e as construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizaron as obrigacións contempladas nos artigos 135 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, unha vez que se constatou que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento.

Artigo 2º

O Rexistro Municipal de ten a consideración de Rexistro Administrativo de carácter público, e está constituído por todos aqueles inmobles, xa sexan solares ou edificios, que fosen previamente incluídos no mesmo mediante resolución administrativa para o efecto.

Artigo 3º

O ámbito de aplicación do Rexistro Municipal de Solares abarca a todos os inmobles incluídos no termo municipal de Mondoñedo.

TÍTULO II.- DO REXISTRO DE SOLARES

Artigo 4º

Son susceptibles de inclusión no Rexistro Municipal de Solares os inmobles que se achen nos seguintes supostos:

1.- Solares:

a.- Os solares cuxos propietarios, solicitando licenza de obras, incumpran os prazos de iniciación, conclusión e non interrupción da construción establecidos na propia licenza ou, na súa falta, o establecido na lexislación urbanística aplicable.

A caducidade da licenza será declarada previa audiencia do interesado.

b.- Aqueles solares cuxos propietarios, recibindo orde de execución da edificación, deixen transcorrer un ano sen solicitar a preceptiva licenza.

c.- Solares que adquiren tal condición como consecuencia da destrución dun edificio catalogado, mediando incumprimento por parte do seu propietario do deber normal de conservación, cando a Administración non opte pola súa expropiación.

d.- Aqueles solares cuxos propietarios houberen incumplido a oportuna orde de execución de actuacións para garantir as condicións de seguridade, salubridade e ornato público, incluíndo ordes de limpeza ou de xestión da biomasa vexetal.

2.- Edificios:

a.- Aqueles respecto dos que se incumpra a obriga de efectuar obras de conservación e rehabilitación derivada dunha orde de execución.

b.- Os edificios en ruína.

Artigo 5º

A inclusión no Rexistro efectuarase de oficio ou a instancias de calquera interesado, e efectuarase mediante acordo motivado que deberá incluír, polo menos, aqueles datos urbanísticos, catastrais e rexistrados que permitan unha identificación inequívoca e o máis completa posible tanto do inmovible obxecto da inclusión como dos seus posibles propietarios.

Con carácter previo á inclusión dun inmovible no Rexistro de Solares ha de constarse a ineficacia das medidas de execución forzosa das oportunas ordes de execución, edificación ou rehabilitación.

Consideraranse ineficaces as medidas de execución forzosa nos seguintes supostos:

1. Si se impuxeron dúas multas coercitivas sen que os propietarios cumprisen satisfactoriamente os seus deberes urbanísticos.

2. Se o Concello carece de consignación orzamentaria adecuada e suficiente para acometer a execución subsidiaria da orde de execución urbanística, demolición, edificación ou rehabilitación.

3. Se non se puiden practicar a notificación da orde de execución e esta se practique mediante anuncios no TEU sen que o interesado houber comparecido no expediente, sempre que se advirta previa e expresamente no anuncio acerca da inclusión do inmovible no Rexistro de Solares.

4. Si se trata de un ben patrimonial de unha Administración Pública ou entidade dependente e incumpriu a orde de execución debidamente notificada.

Artigo 6º

A inscrición no Rexistro Municipal de Solares habilitará ao Concello para tramitar a venda forzosa do inmovible nos termos establecidos na lexislación do chan de Galicia.

O concello, no prazo máximo dun ano desde a inclusión do inmovible no Rexistro de Solares, sacará a poxa pública, co tipo de licitación que resulte da valoración do inmovible. Se a poxa fose declarada deserta, o concello, no prazo de seis meses, poderá adquirir o inmovible con destino ao patrimonio público do chan ou se convocará de novo, no mesmo prazo, con rebaxa do prezo tipo nun 25 %.

Se a segunda poxa tamén quedase deserta, o concello, no prazo doutros seis meses, poderá adquirir o inmovible con destino ao patrimonio público do chan polo prezo de licitación da segunda poxa.

O pago ao propietario do prezo obtido compensarase, total ou parcialmente, ao que en ningún caso corresponderalle unha cantidade superior á valoración do inmovible, con cargo ao importe das sancións ou multas coercitivas firmes en vía administrativa e impostas por razón do incumprimento dos deberes e cargas urbanísticas que recaen sobre o inmovible, así como con cargo aos custos administrativos e tributarios, de valoración e de tramitación e inscrición no rexistro da propiedade.

Transcorridos os prazos establecidos nos apartados anteriores sen que o concello realizase os correspondentes trámites, a inclusión do inmovible no Rexistro de Solares quedará sen efectos, e non se poderá volver practicar a inscrición senón unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a súa caducidade.

O adquirente de solares e construcións no procedemento de venda forzosa quedará obrigado a iniciar ou renovar as obras de edificación ou rehabilitación no prazo dun ano a partir da data de toma de posesión da leira. O incumprimento polo adquirente das anteriores obrigacións determinará de novo a inclusión do inmovible no Rexistro de Solares.

TÍTULO III.- DO LIBRO REXISTRO

Artigo 7

O Rexistro de Solares ten carácter público e créase coa finalidade de incluír os solares ou as construcións en ruína, inadecuadas ou paralizadas, como medio de instrumentar a venda forzosa nos casos de incumprimento dos deberes urbanísticos de edificación nos prazos establecidos. En consonancia co previsto nos artigos 137 e 139 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, o incumprimento dos deberes de conservación e rehabilitación de terreos, construcións e edificios determinará a súa inclusión no citado Rexistro.

O Libro Rexistro é o soporte documental no que quedan inscritos todos os inmobles incluídos no Rexistro.

As certificacións que dos seus datos expídanse terán a consideración de documento público para todos os efectos administrativos, con valor probatorio.

O Rexistro de solares estará a cargo da Secretaría Xeral da Corporación, aínda que poderá delegarse a súa xestión entre o persoal adscrito á Delegación de Urbanismo. O Rexistro deberá establecerse, preferentemente, en soporte informático, e garantirá a constancia dos datos e circunstancias que se detallan no artigo seguinte.

Artigo 8º

O Libro Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar constará de dúas seccións:

- a.- Sección de solares.
- b.- Sección de edificacións declaradas en ruína e construcións paralizadas e inadecuadas.

Artigo 9º

As Seccións confeccionaranse con arranxo ás seguintes regras:

- 1.- Corresponde á Xunta de Goberno Local acordar a inscrición de inmobles no rexistro, así como a modificación ou cancelación dos correspondentes asentos.
- 2.- Tanto os solares como os edificios para rehabilitar numeraranse correlativamente por orde de inscrición.
- 3.- A transcripción dos datos correspondentes a cada leira inscrita no Rexistro efectuarase mecanicamente. Efectuada a folla será legalizada coa firma electrónica do Secretario do Concello e do Alcalde.

Artigo 10º

De conformidade co previsto na vixente normativa sobre réxime local, ao Alcalde ou Concelleiro en quen delegue correspóndelle o exercicio das seguintes atribucións en relación co Libro Rexistro Municipal de Solares:

- 1.- Incoar o procedemento de inclusión no Rexistro.
- 2.- Propoñer á Xunta de Goberno a inclusión no Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar.
- 3.- Propoñer a modificación ou cancelación de asentos.
- 4.- O visto e praxe de cada unha das follas do Libro Rexistro.
- 5.- O visto e praxe das certificacións que soliciten os interesados ou se expidan de oficio para a súa remisión ao Rexistro da Propiedade.
- 6.- As demais que lle atribúan as leis, de conformidade co disposto no artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Artigo 11º

O Libro Rexistro Municipal de Solares expresará respecto de cada edificio ou solar as circunstancias seguintes:

- a) Situación, extensión e linderos da leira.
- b) Identidade e domicilio do propietario.
- c) Referencia catastral e datos de inscrición no Rexistro da Propiedade.
- d) Cargas, gravames e situacións xurídicas inscritas no Rexistro da Propiedade, con identificación dos seus titulares.
- e) Arrendatarios e ocupantes do inmovible
- f) Datos administrativos:
 - o Número de expediente, orde de edificación e prórrogas concedidas
 - o Declaración de situación legal de ruína/orde de execución incumprida /declaración de incumprimento de deberes urbanísticos
 - o Orde de inclusión

- o Motivo da inclusión, outras resolucións administrativas que lle afecten, cancelación e motivo da cancelación.
- g) As determinacións dos instrumentos de plan urbanístico aplicables, que figurarán na correspondente cédula urbanística.
- h) A valoración do inmovible.

Artigo 12º

Ordenada a inclusión do inmovible por resolución do órgano municipal competente e notificada esta a os interesados procederase de oficio a practicar o asento de inscrición no Libro Rexistro Municipal de Solares.

Artigo 13º

Unha vez emendadas definitivamente as circunstancias que motivaron a inclusión dun inmovible no Rexistro poderá procederse, de oficio a instancia do interesado, á cancelación da inclusión do mesmo. Dita cancelación deberá acordarse mediante Resolución municipal debidamente motivada e cos mesmos requisitos esixidos na presente Ordenanza para a inclusión.

Se por calquera circunstancia producísese un erro na inclusión dun inmovible no Rexistro, a Administración de oficio ou a instancia de calquera interesado, procederá á cancelación da inclusión na forma establecida no parágrafo anterior, facendo constar expresamente o erro na Resolución que se dite.

Das Resolucións de cancelación, sexa cal for o motivo destas, darase oportuno traslado ao Rexistro da Propiedade para o seu coñecemento e efectos mediante certificación expedida polo Secretario do Concello.

TÍTULO IV.- DA PUBLICIDADE E ACCESO AO REXISTRO

Artigo 14º

O Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar ostenta a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterse en condicións de pública consulta, a disposición de calquera cidadán, sen que para ese efecto resulte esixible acreditar a condición de interesado.

Artigo 15º

As certificacións que se emitan do Rexistro serán transcripción íntegra e literal dos asentos correspondentes a cada solar ou edificio incluído no Rexistro Municipal de Solares que os interesados sinalen ou, no seu caso, certificado que acredite a inexistencia de asento algún sobre o solar ou edificio.

Artigo 16º

De conformidade co disposto no artigo 137 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, a orde de inclusión de inmovibles no Rexistro Municipal de Solares notificarase ao Rexistro da Propiedade, coa finalidade de estender a publicidade rexistral á situación urbanística da leira A tal extremo remitírase ao Rexistro da Propiedade certificado que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordene a inclusión da leira no Rexistro Municipal de Solares, unha vez sexa firme en vía administrativa, facendo constar que se practicaron as notificacións aos titulares rexistrais, así como os datos de inscrición no Rexistro administrativo.

DISPOSICIÓN FINAL.- Entrada en vigor

A presente Ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Mondoñedo, 25 de abril de 2018.- A Alcaldesa, M^a Elena Candia López

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 23 de febreiro de 2018, de aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización do albergue municipal do Concello de Mondoñedo, non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público, dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZAICÓN DO ALBERGUE MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO.

Artigo 1: FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto nos artigos 2.1.e), 41 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Mondoñedo, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establécese o Prezo Público pola prestación do servizo ou a realización da actividade albergue da natureza de Vilar para utilización de diversos colectivos, sito en Vilar, parroquia de Santiago.

A presente Ordenanza será de aplicación a todos os usuarios que soliciten a prestación do servizo a esta entidade local, dende a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

Artigo 2: OBXECTO

O obxecto desta exacción constitúe a utilización, estancia e/ou aloxamento no albergue municipal do Concello de Mondoñedo.

Artigo 3: FEITO IMPOÑIBLE

Está constituído pola utilización, estancia e/ou aloxamento no albergue municipal do Concello de Mondoñedo.

Artigo 4: OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO E SUXEITO PASIVO

1.- A obrigação do pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde o momento en que se inicia a utilización, estancia e/ou aloxamento, no albergue municipal do Concello de Mondoñedo.

2.- Son suxeitos pasivos desta exacción as persoas naturais ou xurídicas usuarias do albergue que se beneficien do servizo de estancia e/ou aloxamento no referido albergue municipal.

Artigo 5: BASE DA EXACCIÓN

As bases desta exacción constitúena o número de persoas e os días naturais que se ocupe o albergue de forma efectiva.

Artigo 6: TARIFAS

As tarifas pola prestación dos distintos servizos de aloxamento que se prestan no albergue son os seguintes:

1. Prezo por persoa e noite por día natural, indistintamente sexan festivos ou non: DEZ EUROS (10,00 €, IVE incluído)
2. Sábanas: DOUS EUROS (2,00 €).
3. Pola utilización dos servizos sen pernocta exigiranse CINCO EUROS (5,00 €, IVE incluído).

Ademais da tarifa polo aloxamento, os usuarios responderán de todos os danos que se produzan nos bens, mobles ou inmobles, cuxa utilización se lles permita. Para responder a eles, o Concello de Mondoñedo poderá esixir, se o considera necesario, unha fianza que lle será devolta á saída do albergue e tras comprobar que todo segue en perfecto estado.

Artigo 7: DEREITOS LIQUIDADOS

Os dereitos liquidados por aplicación das tarifas recollidas no artigo anterior, autorizan á utilización dos servizos, durante o tempo que o usuario permaneza no albergue.

Artigo 8: RESERVAS DE ALOXAMENTOS

As reservas de aloxamentos efectuaranse directamente no propio Concello, podéndose esixir un anticipo de parte do prezo, que será como máximo do 25% do prezo total da estancia reservada. A petición de reserva por parte dun cliente farase mediante escrito dirixido a este Excmo. Concello, ben por rexistro, por fax ou correo electrónico (dirección de email do Concello).

Unha vez recibida a solicitude remitirase ao cliente unha confirmación sobre o seu reserva, sempre que iso sexa posible e que o Excmo. Concello non observe motivos debidamente xustificadas para a denegación do solicitado. Na devandita confirmación especificarase, día de entrada e saída, número de persoas autorizadas, prezo total e réxime aplicable no caso de posible cancelación.

Artigo 9: ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

O acceso ás instalacións obriga, de por si, á aceptación das normas de utilización que polo órgano xestor de cada unha establézase.

As autorizacións de uso que se concedan terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiro, o incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da autorización sen dereito a devolución ou indemnización de clase algunha.

Artigo 10: COBRANZA

O pago da totalidade do prezo público farase efectivo ou se liquidará dende o inicio da prestación do servizo, é dicir, no momento da entrada ao albergue, sen que caiba adiamento ou fraccionamento algún, salvo no caso de esixirse anticipos por reserva de aloxamento.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá á devolución do importe correspondente.

O prezo público exigírase en réxime de autoliquidación.

O pago efectuarase nas dependencias do Albergue conforme ás directrices que marquen os servizos económicos do Concello, debendo efectuarse posteriormente o ingreso destas cantidades, polo responsable do devandito centro, nun número de conta subministrado ao efecto. O ingreso destas cantidades realizarase como máximo semanalmente.

As débedas por prezos públicos esixiranse polo procedemento de présa.

Artigo 11: CANCELACIÓNS OU ANULACIÓNS DE RESERVAS

No caso de que o cliente desistise ou cancelase a reserva efectuada e abonara un 25% do prezo total da estancia reservada, terá dereito á devolución das cantidades que abonase de acordo a:

- 95% do anticipo se a anulación faise con máis de 30 días de antelación.
- 60% do anticipo se a anulación faise con 30 ou menos días de antelación.
- 40% do anticipo se a anulación faise con 15 ou menos días de antelación.
- 20% do anticipo se a anulación faise con 7 ou menos días de antelación.

Artigo 12: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En materia de infraccións e sancións se estará ao disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido das Facendas Locais, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/21015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se ditén en adiante.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Mondoñedo, 25 de abril de 2018.- A Alcaldesa, M^a Elena Candia López.

R. 1137

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga marzo- abril 2018 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 23.04.2018 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do segundo bimestre 2018 (marzo-abril).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 30 de abril de 2018 ata o 29 de xuño de 2018.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web *www.aqualia.es*.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 23 de abril de 2018.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 1138

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA
XULGADO DO SOCIAL N.º 1 PAMPLONA
Anuncio

Doña Rosa María Valencia Ederra Letrado de la Administración de Justicia del JUZGADO DE LO SOCIAL N° 1 de Pamplona/Iruña

Hago saber: Que se ha dictado Sentencia de fecha 24 de enero de 2018 en el proceso seguido en reclamación por Conflicto colectivo, registrado con el nº 0000107/2017, Sección A cuya copia se encuentra a disposición de los interesados en esta Oficina Judicial, donde los interesados podrán tener conocimiento íntegro de la misma.

Y para que le sirva de notificación en legal forma a Antonio Fernández Fraga, hoy en ignorado paradero, se expide el presente para su inserción en el Boletín Oficial de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando una copia de la resolución en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo las resoluciones que revistan forma de auto o sentencia, se trate de emplazamiento o pongan fin al procedimiento, y que contra esta resolución cabe interponer recurso de suplicación, en el plazo de cinco días.

Pamplona/Iruña, a 26 de abril del 2018. La Letrado de la Administración de Justicia, D^a Rosa María Valencia Ederra.

R. 1154
